



**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO SQUASH

I PROBA CIRCUITO GALEGO JR DE SQUASH BORJA GOLÁN 2022

CATEGORÍA SUB 19 MIXTA/ CATEGORÍA SUB 17 MIXTA/
CATEGORÍA SUB 15 MIXTA
CATEGORÍA SUB 13 MIXTA/ CATEGORÍA SUB 11 MIXTA

**VIGO,
terreo de xogo**

BASES:

1. A I Proba do Circuito Galego JR de Squash Borja Golán 2022 realizarase nas instalacións Municipais situadas no Estadio de Balaídos (entrada pola porta 18) en Vigo, o día **5 de novembro de 2022**.
2. O Circuito estará aberto a tódolos xogadores SUB das categorías que estean en posesión de licenza autonómica da FGS para o ano 2022.
3. As probas do Circuito xogaranse ó amparo da vixente normativa da F.G.S, terá categoría Sub. O torneo é válido para o Ránking Galego SUB.
4. As inscricións realizaranse a través da App Rankedin no enlace:

<https://rankedin.com/es/tournament/16761/i-proba-circuito-galego-xunior-de-squash-borja-golan-2022>

5. O peche das inscricións será o **luns (anterior a proba) ás 20 horas**
6. Ó peche das inscricións, publicarase o listado provisional de inscritos. No caso de que non houberse un mínimo de 4 xogadores nalgunha categoría, uniríanse á categoría seguinte. O mércores publicarase o listado definitivo de inscritos e os cadros provisionais. O xoves publicarase os cadros definitivos.
7. **A inscrición será de 10€ por proba.** Con cada inscrición darase un bola Dunlop Revelation Pro XX (doble punto amarelo), ou un detalle. E será abonada no lugar do torneo, antes de xogar o primeiro partido.
8. Cada xogador só poderá inscribirse nunha categoría en cada torneo. No caso de cumprir anos, (que provocasen un cambio de categoría) despois da primeira proba o xogador poderá rematar o circuíto, na categoría na que empezou.
9. As probas realizaranse en Vigo, Lugo e Santiago de Compostela.
10. A bola oficial do campionato será a Dunlop Revelation Pro XX (doble punto amarelo).

11. Aplicarase riguroso W.O., unha vez transcurridos 15 minutos da hora fixada para o comezo do partido, segundo normativa vixente. Os xogadores deben de coñecer os horarios de xogo. Xogaranse tódolos postos en tódalas categorías.
12. As decisións do Xuíz- Árbitro de cada torneo serán inapelables. Os xogadores deberán de estar dispostos a arbitrar, cando o xuíz-árbitro así llelo indique.
13. Na primeira proba os cabezas de serie virán marcados polos Ránkings Galegos Sub publicados na data final da inscrición. Será o Xuiz árbitro, quen decida as posición dos cabezas de serie, en función as súas posicións nos Ránkings ,Masculino e Feminino, o ser éste un torneo mixto.
No caso dos Cabezas de serie. Despois desta primeira proba, publicarase o Ránking propio de Circuito que marcará os cabezas de serie nas seguintes probas. Os gañadores do circuito, virán marcados pola súa clasificación neste Ránking. En caso de empate a puntos entre varios xogadores na clasificación final do Circuito, a proba disputada en Santiago terá dobre puntuación. No caso de que os dous primeiros clasificados sexan do mesmo sexo, terán premios, ademáis, os dous primeiros clasificados do sexo contrario.
14. **O finalizar o circuito (o día 17 de decembro de 2022) en Santiago** farase a entrega de premios e un sorteo de agasallos entre tódolos participantes.

O CALENDARIO DE PRUBAS SERÁ O SEGUINTE:

- SÁBADO 5 NOVEMBRO 2022 en VIGO- VIGO SQUASH
- SÁBADO 12 NOVEMBRO 2022 LUGO – MONSTRUÍÑOS (pendente de confirmación)
- SÁBADO 17 DECEMBRO 2022 en SANTIAGO DE COMPOSTELA-SQUASH CLUB SANTIAGO



**** A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, rexeitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. Aínda así, no caso de que estea no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.